

# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE PERIODISTAS DE GALICIA

## CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

### **Artigo 1º**

1.-Procédese a adapta-los estatutos da asociación denominada “ASOCIACIÓN DE PERIODISTAS DE GALICIA”(APG) con Número de inscrición no Rexistro central nacional de asociacións sen ánimo de lucro 147.094 e CIF G15544364.

2.-A asociación rexerese polos devanditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

**Artigo 2º.-** O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Santiago de Compostela, rúa de A Coruña, nº 6- baixo, C.P. 15706 teléfonos 981545950 e 629803088, correo electrónico [maneiro@crtvg.es](mailto:maneiro@crtvg.es).( Actualmente es Ruela da Muiña, 7. 15703, Santiago de Compostela. E-mail [periodistasdegalicia@gmail.com](mailto:periodistasdegalicia@gmail.com))

**Artigo 3º.-** A asociación en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia

### **Artigo 4º.**

1.-A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.-A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

### **Artigo 5º**

1.-Son fins principais da asociación:

- a.- Promoción e defensa do exercicio da profesión periodística.
- b.- Estudos e investigacións sobre medios de comunicación
- c.- Formación permanente de profesionais da comunicación

2.-Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las

seguintes actividades:

- a.- Organización e promoción de seminarios sobre a comunicación, as empresas de comunicación e a calidade dos medios de comunicación.
- b.- Promoción de publicacións sobre traballos de investigación sobre medios de comunicación
- c.- Promoción conferencias sobre comunicación
- d.- Organización de Foros de debate e estudos sobre medios informativos.
- e.- Premiar a profesionais da comunicación polos méritos na defensa da profesión, dos valores sociais ou culturais que favorezan a convivencia e a solidariedade social a través dos medios de comunicación.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

## **CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS**

### **Artigo 6º.**

1- Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas tralo acordo do seu órgano competente, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Ser Licenciado en Ciencias da Comunicación
- b. Exercer como profesional dun medio de comunicación ou na docencia da Comunicación

2.-Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

**Artigo 7º.-** Dentro da asociación poderán existi-las seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

### **Artigo 8º.**

1.-A condición de asociado pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por falta de pago de 4 cotas.
- c) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do interesado.
- d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.-A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

**Artigo 9º.-** Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer-lo dereito de voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, so seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
4. Impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

**Artigo 10º.-** Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. Paga-la cotas que se establezan.
3. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
4. Acatar e cumpri-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
5. Acata-lo contido dos estatutos.
6. Ter unha boa conducta individual e cívica.

## **CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 11º.-** A dirección e administración da asociación serán exercidas polo presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

### **Artigo 12º.**

1.-O **presidente** da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará 5 anos. Será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2.-O presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Representa-la asociación diante de calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidi-las sesións que celebre a Xunta Directiva; presidi-las sesións da Asemblea Xeral; dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- c) Executa-los acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- e) Asina-las actas, certificados, pagos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

### **Artigo 13º.**

1.-**A Xunta Directiva** estará formada polo presidente da asociación, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro, 3 vocais.

2.- Tamén participan como vocais nas reunións da Xunta Directiva os delegados da Asociación que sexan nomeados polas Xunta Directiva en cada unha das cidades galegas.

2.-Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación. As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3.-A Asemblea Xeral será a competente para elixir-los cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de 5 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

4.-Os cargos cesarán na súa función por:

a) facelemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

b) renuncia voluntaria.

c) transcurso do prazo para o que foron elixidos.

e) acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por  $\frac{3}{4}$  dos asociados reunidos en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

---

**Artigo 14º.**-A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1.Programar e dirixir-las actividades asociativas.

2.Leva-la xestión administrativa e económica da asociación.

3.Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

4.Convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral.

5.Propoñer á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.

6.Designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.

7.Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.

8.Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.

9.Propoñe-lo plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

10.Resolve-los procedementos disciplinarios que se instrúan.

11.Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

**Artigo 15º.**

1.-A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2.-Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concurrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

O secretario ou, no seu defecto, o vocal que o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

**Artigo 16º.**- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a

preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

**Artigo 17º.-** A **Asemblea Xeral** de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O presidente e o secretario da asemblea serán tamén o presidente e secretario da Xunta Directiva.

**Artigo 18º.-** A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 19º.-** A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente no período que vai desde o mes de outubro ata o de decembro. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva. A notificación farase nos locais da asociación para as asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as asembleas extraordinarias.

**Artigo 20º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aproba-lo plan de actividades.
2. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
3. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Exame e aprobación das cotas.

**Artigo 21º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modifica-los estatutos da asociación.
2. Elixir e cesa-los membros integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acorda-la disolución da asociación.
6. Designa-los/as liquidadores/as.
7. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicita-la declaración de utilidade pública da asociación.
9. Aproba-lo regulamento de réxime interno da asociación.

10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.

11. Tódalas competencias non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

**Artigo 22º.** A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

**Artigo 23º.-** Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 ó 7 do artigo 21º, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de actas e asinará o/a presidente, o/a secretario/a da asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría dos presentes.

**Artigo 24º.-** Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o presidente. Seguidamente se procederá por parte do secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ó debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

**Artigo 25º.-** Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria

**Artigo 26º.-** 1. O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións destes co visto e praxe do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

**Artigo 27º.-** 1. O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

2. O tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

**Artigo 28º.-** Os vocais terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

## **CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 29º.-** A asociación dispón dun patrimonio de 100 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

**Artigo 30º.-** A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá de telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, co fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

**Artigo 31º.-** A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 32º.-** A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

**Artigo 33º.-** Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

**Artigo 34º.-** Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

**Artigo 35º.-** Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

## **CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

**Artigo 36º.-** O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

## **CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 37º.-** Os presentes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

**Artigo 38º.-** A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

**Artigo 39º.-** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente e o/a tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 40º.-** O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Don Xavier García Sánchez, na súa calidade de secretario da Asociación de Periodistas de Galicia fai constar que os ditos estatutos modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 4 de marzo sono para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2004

Fdo. Xavier García Sánchez  
Secretario da Asociación de Periodistas de Galicia